



MARUXA MALLO

UNHA OBRA

MAGNÍFICA

UNHA VIDA

INTENSA



Maruxa Mallo

Foi unha das
representastes máis
destacadas do **surrealismo**



español, xunto con Euxenio Granell e Urbano
Lugrís formou o triángulo da **corrente**
vanguardista galega converténdose na pintora
máis universal.




Viveiro

Naceu o 5 de xaneiro de 1902 en Viveiro.



Tui

De Viveiro pasou a vivir en Tui e máis tarde en **Corcubiión** (lembra a atracción polos mercados na súa infancia, o mar e o monte Pindo, chamado tamén o **Olimpo Celta**).



O Pindo

Logo a familia trasládase a **Avilés**, instálase alí definitivamente e Maruxa Mallo comeza a súa formación.

En 1922 instálase en **Madrid**.

Na capital coñece e relaciónase co pintor **Salvador Dalí**, os escritores **García Lorca**, **Rafael Alberti**, **Miguel Hernández** e **Concha Méndez**.



Rafael Alberti



Federico García Lorca



Salvador Dalí




Frecuenta as tertulias que se organizan en Madrid en torno a intelectuais de renome e mantén contactos coa filósofa **María**



Zambrano.

Nesta época pinta a serie **Verbenas**, *ateigadas de elementos festivos e burlescos*, con máscaras grotes-



Verbenas

Coa poeta **Concha Méndez** e **García Lorca** paseará por Madrid sen sombreiro, para escándalo da época (foron insultados e apedreados ao cruzar a Porta do Sol), e compartirá afinidades intelectuais , inquietudes estéticas e vitais. Frecuentará tertulias e gozará dos anos 20 como artista, adiantándose á liberación feminina.

TODO, MENOS VENIR PARA ACABARSE

Todo, menos venir para acabarse.
Mejor rayo de luz que nunca cesa;
o gota de agua que se sube al cielo
y se devuelve al mar en las tormentas.

O ser aire que corra los espacios
en forma de huracán, o brisa fresca.
¡Todo, menos venir para acabarse,



Concha Méndez

A finais de 1928 pasa por unha etapa de inflexión e achégase ao **su-
rrealismo**. Percorrerá as paisaxes desoladoras e duras das aforas de
Madrid que inspirarán *Cloacas e Campanarios*, pintura desgarradora
e tremendista.




Espantallo



A pegada

En 1931 en España as mulleres puideron votar por 1ª vez, acadándose coa República o **sufrexismo universal**. Moitas mulleres foron encarceradas por reclamar o voto feminino.



Sufraxista detida



Virginia Wolf


Virgina Wolf, destacada feminista, denunciou a situación da muller no libro *Un cuarto propio* (1928)

Federica Montseny convértese na 1ª muller Ministra do goberno da II República.



Federica Montseny

No ano 1931, Maruja Mallo viaxa a París e alí expón a súa obra en 1932. Picasso e André Bretón visitan e acóllena ben. André Bretón, pai do surrealismo literario, merca *Espantapallo* (1929), obra chea de espectros que hoxe é



Paul Eluard pintado por Dalí

considerada unha das grandes obras do surrealismo e que pertence a *Cloacas e Campanarios*.



Paul Eluard admira a súa obra proporcionánlle contactos con René Magritte, Max Ernst, Joan Miró ...



André Bretón


Traballou para numerosas publicacións literarias como *La gaceta literaria*, *El almanaque literario* ou *Revista de Occidente* e realiza portadas para numerosos libros. Exerce como profesora de debuxo no

Instituto de Arévalo e na Escuela de Cerámica de Madrid, para a que deseña unha serie de pratos que se destrúen durante a guerra.



En 1935 entra en contacto co poeta **Miguel Hernández**.

Xuntos pensaron o drama *Los hijos de la piedra* e apréciase a influencia en numerosas composicións e 18 dos 30 poemas de *Imagen de tu huella*.



Miguel Hernández



Arquitectura vexetal

A partir de 1936 comeza a súa etapa construtiva e en maio dese mesmo ano ten lugar a súa 3^a exposición individual con cadros das series *Cloacas e Campanarios*, *Arquitecturas minerais e vexetais* e debuxos de *Construcións rurais*.

A exposición presídea a súa obra *Sorpresa do trigo*, obra coa que comeza a súa etapa muralista e revolucionaria que prosegue no exilio.



O acontecemento en que se inspirou foi na manifestación do 1º de maio ao ver unha muller portando un bolo de pan. Esta pintura viaxou con ela ao exilio converténdose nun símbolo antifranquista.

Compromiso coa República: cando comeza a guerra civil encóntrase en Galicia coas Misiones Pedagógicas.


Coa invitación a dar unha conferencia en Buenos Aires chega a súa oportunidade de viaxar fóra de España, grazas á súa amiga **Gabriela Mistral**, embaixadora de Chile en Portugal e premio Nobel de literatura ("Creo en mi corazón, el que yo exprimo para teñir el lienzo de la vida...")




Gabriela Mistral

Sae clandestinamente por Tui, onde traballara seu pai, e coñece o exilio.

Dá conferencias por toda América a prol da República e visibiliza os mártires paseados polos falanxistas, coma Alexandre Bóveda e Ánxel Casal.



Alexandre Bóveda



Cadros de Castelao




Mercedes Núñez

Na posguerra o Cárcere de Ventas de Madrid convértese nun nicho para moitas mulleres republicanas. **Mercedes Núñez** (muller comunista, antifascista, que sobreviviu ao cárcere madrileño e a un campo de concentración) describiu a súa estancia alí nun libro homónimo: *Cárcere de Ventas*. Por esa época foron fusiladas **As trece rosas**.

En Arxentina estableceu contacto coa poeta **Alfonsina Storni**. Dela son estes versos:

Soy un alma desnuda en estos versos,
Alma desnuda que angustiada y sola
Va dejando sus pétalos dispersos.



Alfonsina Storni

En Chile coincide co seu amigo Pablo Neruda, autor de *Veinte poemas de amor y una canción desesperada*, e con el viaxa á Illa de Pascua ou Rapa Nui.



**Con Pablo Neruda
na Illa de Pascua
(Rapa Nui)**



Parece ser que esa estancia influíu no esoterismo que caracterizou a súa obra posterior.

No ano 1939 publica o seu primeiro libro *Lo popular en la plástica española a través de mi obra* e comeza a pintar especialmente retratos de mulleres, o seu estilo é precursor da arte pop estadounidense.



Cabeza de muller



Muller de perfil



Maruxa Mallo

En Buenos Aires pinta *O canto das espigas* . As viaxes a Chile e á costa do Pacífico encadean a súa etapa mariña. A *Serie Mariña* son harmonías lunares, en cores prata e gris.



Máscaras


A influencia do sol daría lugar á serie *Terrestre*, harmonías solares, en ocres e dourados. Na serie de *Cabezas e Máscaras*, a pintora inspírase directamente en cultos afro-americanos como por exemplo o Vudú.

Na capital arxentina dirixía un programa de radio, *Galicia Emigrante*, o pintor galego **Luís Seoane**, tamén surrealista, que dedicou sesións a eloxiar a obra de Maruja Mallo. O pintor estaba vinculado á tertulia do **Café Tortoni**, centro de reunión da intelectualidade galega, da cal tamén formaban parte **Rafael Dieste** e **Eduardo Blanco-Amor**, escritor ourensán



***Mulleres na praia.* Luis Seoane**

(autor de *A esmorga*), que mantivo contactos coa pintora.



Eduardo Blanco-Amor



Realiza en Buenos Aires a escenografía para a montaxe do texto de Alfonso Reyes *Cantata na tumba de Federico García Lorca* que a compañía da recoñecida actriz catalá **Margarita Xirgú** representa en agosto de 1938.

Margarita Xirgú



Maruxa Mallo

En New York, onde se encontra o museo MOMA, coñece o pai da pintura pop, **Andy Warhol**, autor dos cadros sobre as *Sopas Campbell* e promotor do centro transgresor e epicentro da



contracultura Factory (por alí transitaron Lou Reed, Bob Dylan...), e

gaña o Primeiro Premio Pictórico da XII Exposición da cidade co cadro

Cabeza Negra .



Andy Warhol



Madonna

Nesta exposición exhíbese *Actriz*, cadro adquirido por **Madonna**, famosa cantante de pop de orixe italiana, gañadora de varios Grammy.

No ano **1979** comeza a súa última etapa pictórica con

Os Moradores do baleiro, obras pintadas durante os anos setenta e unha serie de 8 litografías, homenaxe á *Revista de Occidente*.

A súa obra é cada vez máis valorada polos críticos e galeristas.



Actriz

O **CGAC** (Centro Galego de Arte Contemporánea), deseñado polo arquitecto portugués **Álvaro Siza**, inaugurouse cunha exposición da pintora en 1993.



A súa figura foi e é reivindicada e homenaxeada polo movemento feminista, homenaxeada polo colectivo feminista **Alecrín** de VIGO e o seu cadro **Verbena de Páscoa** ocupará en decembro de 1993 a portada de **Andaina**, revista da **Asociación Galega da Muller**.



En **1964** regresa a España e segue a pintar.

Coa morte de Franco chega o seu recoñecemento e en **1982** recibe a **Medalla de Ouro de Belas Artes**.

O recoñecemento institucional seguirá coa Comunidade de Madrid e logo coa Xunta de Galicia.



O pintor **Pablo Jiménez** dedicou estas palabras á morte da artista:
"Maruxa Mallo é o soño, o recordo emocionado do máis feliz da nosa vangarda, do máis brillante da nosa modernidade, aquilo do noso pasado co que nos tería gustado quedarnos. Por todo, por todo iso, é imposible que Maruxa Mallo morrera."



Natureza viva




Figuras



Nus



Estrelas de mar






A Terra



Cabeza de muller



Arquitectura humana



Racimo de uvas



O canto das espigas